Novas tecnoloxías aplicadas á xestión departamental.
Elaboración do orzamento.
Control orzamentario: desviacións e medidas correctoras.
Determinación do prezo de venda das ofertas gastronómicas.
Técnicas de fixación de prezos.
Realización de escandallos.
Elementos que integran a estrutura de custos en restauración.
Cálculo de custos en restauración.
Limiar de rendibilidade.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión de custos - Estudio dos distintos tipos de custos	• Explicar o cálculo da rentabilidade dun negocio	• Explicar o concepto de contabilidade. Tipos e aplicación • Resolver supuestos breves • Interpretar unha conta de resultados • Resolución de exercicios de cálculos sobre os contidos expostos • Traballo sobre os sistema ofimáticos	• Fórmulas de cálculo da rentabilidade, Traballo	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual.	• OU.1 - Traballo aula • PE.6 - BC3 CURRICULUM	3,0
Cálculo do custos da oferta gastronómica - Estudo do procedemento de cálculo de custoss da oferta gastronómica	• Explicar os distintos tipos de custos en restauración, o escandallo e a fixación do precio de venta dos pratos.	• Clasificar os custos en restauración e calcular o seu porcentaxe • Elaborar escandallos • Fixar precios de venta segundo varios procedementos • Resolver un supuesto xeral con todos os contidos traballados • Proba escrita da unidade	• Esquema cos sistemas de cálculo do PVP	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, Apuntes	• PE.5 - BC3 CURRICULUM • PE.7 - BC3 CURICULUM	7,0
Análise dos distintos orzamentos empresariais - estudo da función dos distintos orzamentos	• Explicación cun suposto práctico da elaboración dun orzamento	• Ir cumprimentando o orzamento seguindo as explicacións do profesor	• Exemplo dun orzamento	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, Apuntes	• PE.1 - BC3 CURRICULUM • PE.2 - BC3 CURRICULUM • PE.3 - BC3 CURRICULUM • PE.4 - BC3 CURRICULUM	6,0

TOTAL	**16,0**

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	COMERCIALIZACIÓN	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Avalía os tipos de empresas de restauración e analiza a súa situación no mercado.	NO
RA5 - Elabora o plan de comercialización propio das empresas de restauración, establece as características dos elementos que o conforman, e deseña estratexias e accións.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender os conceptos básicos do Marketing 1.2 Analizar a fases de aplicación do Marketing na empresa 1.3 Interpretar o método DAFO	1	Estudo dos conceptos básicos do Marketing e da planificación estratéxica	8,0
2.1 Estudiar os elementos do Marketing Mix 2.2 Analizar un plan plan de marketing	2	Elaboración dun plan de comercialización	8,0

TOTAL	**16**

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.5 Identificáronse os factores e as motivacións da demanda.	• OU.1 - Traballo	S	5
CA4.6 Clasificouse a clientela segundo a súa tipoloxía.	• OU.2 - Traballo	S	5
CA4.7 Caracterizáronse os elementos determinantes da demanda: socioculturais, económicos e demográficos.	• OU.3 - Traballo	S	5
CA4.8 Investigáronse as tendencias actuais da demanda.	• OU.4 - Traballo	S	5
CA4.9 Valorouse a importancia de coñecer a situación do mercado e as tendencias da oferta.	• OU.5 - Traballo	N	10
CA5.1 Conceptualizouse o plan de comercialización ou de márketing.	• OU.6 - Traballo	S	10
CA5.2 Establecéronse obxectivos para conseguir co plan de comercialización.	• OU.7 - Traballo	S	10
CA5.3 Deseñáronse as estratexias e as accións necesarias para realizar o plan de comercialización.	• OU.8 - Traballo	S	10
CA5.4 Realizouse a planificación económica do plan de comercialización.	• OU.9 - Traballo	S	10
CA5.5 Identificáronse sistemas de control do plan de márketing e das súas desviacións.	• OU.10 - Traballo	S	10
CA5.6 Deseñouse a presentación do plan de comercialización.	• OU.11 - Traballo	S	10
CA5.7 Valorouse a importancia da aplicación do plan de comercialización para alcanzar os obxectivos da empresa.	• OU.12 - Traballo	N	10
		TOTAL	**100**

4.5.e) Contidos

Contidos
Factores e motivacións que inflúen na demanda.
Clasificación da clientela.
Demanda: concepto e elementos.
Tendencias actuais da demanda.
Posición do produto: definición e metodoloxía.
Concepto e obxectivos do plan de comercialización ou de márketing.
Estratexias e accións nun plan de comercialización en restauración.
Etapas do plan de comercialización.
Fases do plan de comercialización: analítica, estratéxica, operativa e de avaliación ou control.
Confección do plan de comercialización.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estudo dos conceptos básicos do Marketing e da planificación estratéxica - Estudo do Marketing, a súa evolución e aplicación	• Explicación do termo "marketing"e da planificación estratéxica	• Resolución de preguntas curtas sobre os conceptos • Realización plan comercialización	• Resumo dos conceptos básicos do Marketing, primeira parte do plan de comercialización	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas, web	• OU.1 - Traballo • OU.2 - Traballo • OU.3 - Traballo • OU.4 - Traballo	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
					• OU.5 - Traballo	
Elaboración dun plan de comercialización - Estudo dos elementos que interveñen na elaboración dun plan de comercialización	• Explicar os obxetivos e extratexias dun plan de comercialización	• Realizar o esquema dun plan de comercialización • Exposición plan de comercialización	• Esquema resumo dun plan de comercialización	• Libro texto de editorial Altamar, Aula Virtual, revistas especializadas, web	• OU.6 - Traballo • OU.7 - Traballo • OU.8 - Traballo • OU.9 - Traballo • OU.10 - Traballo • OU.11 - Traballo • OU.12 - Traballo	8,0
					TOTAL	**16,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para este módulo son os reflexados no apartado 4.C de cada unidade didáctica da presente programación, son os seguintes:

UD.1

CA1.1 - Definíronse os obxectivos empresariais segundo o modelo de produto

CA1.2 - Establecéronse plans empresariais segundo os obxectivos marcados

CA1.3 - Deseñáronse estratexias e técnicas de planificación empresarial.

CA1.4 - Conceptualizáronse os modelos organizativos e as novas tendencias entre as empresas do sector.

CA1.5 - Elaboráronse organigramas que correspondan aos modelos organizativos e ás novas tendencias entre as empresas do sector.

CA1.6 - Valoráronse os principios estruturais e organizativos das empresas de restauración como elementos fundamentais para a consecución dos obxectivos establecidos.

CA1.7 - Identificáronse as principais diferenzas entre o mercado de produtos e o de servizos.
CA4.2 - Recoñecéronse os tipos de empresas tradicionais de restauración.
CA4.3 - Identificáronse as novas tendencias empresariais en restauración.
UD2
CA6.1 - Caracterizáronse os principais tipos de ofertas gastronómicas.
CA6.2 - Relacionáronse as ofertas coas fórmulas de restauración.
CA6.3 - Tivéronse en conta as características e as necesidades da clientela na confección de ofertas, así como as novas tendencias.
CA6.4 - Considerouse o tipo de establecemento, a estacionalidade, a situación, o tipo de clientela e outros factores.
CA6.5 - Definíronse as necesidades de variación e rotación da oferta.
CA6.8 - Aplicáronse técnicas de márketing relacionadas cos prezos.
CA6.9 - Controlouse o grao de satisfacción da clientela.
UD3
CA2.1 - Xustificouse a finalidade da xestión da documentación nas empresas de restauración
CA2.2 - Recoñeceuse o circuíto da documentación e a finalidade no sector de restauración.
CA2.3 - Deseñáronse sistemas de rexistro da información reflectida nela.
CA2.4 - Identificáronse sistemas de arquivo da documentación xerada, emitida ou recibida.
CA2.5 - Clasificouse a información que reflicte a documentación segundo as necesidades empresariais.
CA2.6 - Recoñeceuse a normativa básica relativa á xestión da documentación.
CA2.7 - Valorouse a importancia dunha correcta xestión da documentación administrativa, económica e financeira para mellorar o funcionamento empresarial ou departamental.
CA2.8 - Establecéronse sistemas de facturación e cobramento.
CA2.9 - Aplicáronse as novas tecnoloxías na xestión e na interpretación da documentación empresarial.
CA3.9 - Establecéronse métodos de valoración de existencias.
UD4
CA3.1 - Identificáronse os tipos de orzamentos que afectan a planificación de empresas de restauración.
CA3.2 - Caracterizáronse os elementos que conforman os orzamentos.
CA3.3 - Elaboráronse orzamentos de diversos tipos para a organización e a planificación das empresas de restauración, así como de áreas dentro destas.
CA3.4 - Establecéronse métodos de control orzamentario, xustificáronse racionalmente as posibles desviacións e aplicáronse medidas correctoras.
CA3.5 - Calculáronse os prezos de venda das ofertas gastronómicas do establecemento.
CA3.6 - Estableceuse a estrutura de custos en restauración
CA3.7 - Determinouse o limiar de rendibilidade segundo a oferta gastronómica e o tipo de establecemento ou servizo.
UD5

CA4.5 - Identificáronse os factores e as motivacións da demanda.
CA4.6 - Clasificouse a clientela segundo a súa tipoloxía.
CA4.7 - Caracterizáronse os elementos determinantes da demanda: socioculturais, económicos e demográficos.
CA4.8 - Investigáronse as tendencias actuais da demanda.
CA5.1 - Conceptualizouse o plan de comercialización ou de márketing.
CA5.2 - Establecéronse obxectivos para conseguir co plan de comercialización.
CA5.3 - Deseñáronse as estratexias e as accións necesarias para realizar o plan de comercialización.
CA5.4 - Realizouse a planificación económica do plan de comercialización.
CA5.5 - Identificáronse sistemas de control do plan de márketing e das súas desviacións.
CA5.6 - Deseñouse a presentación do plan de comercialización.

O alumnado será avaliado de cada unidade didáctica según o establecido no apartado catro da programación e recordado na aula antes de comenzar a UD.

Os instrumentos empregados poden ser : proba escrita, consistente en preguntas tipo test e/ou de asociación e/ou resposta breve e/ou tema de desenrolo e/ou suposto/s práticos, segundo o peso orientativo dos criterios de avaliación da unidade didáctica recollida nesta programación.

Nas avaliacions ordinarias, cada unidade didáctica terá unha cualificación de 1 ao 10 segundo os instrumentos de avaliación expostos no punto 4.

No caso de non conseguir superar todos os CA esixibles e coa finalidade de que o alumnado aprobe a unidade (únicamente no caso de que a maioria estean acadados), avaliarei (ben, mal ou regular) as tarefas de reforzo semanais asociadas aos diferentes CA, realizadas na aula e que valorarei individualmente mediante correccións na aula. Realizarei ao longo do cuso recuperacións dos CA pendentes.

A nota do trimestre será a ponderación (marcadas no apartado 3a)das UD correspondentes.

A nota final do módulo será a media das notas das diferentes avaliacións tendo en conta a ponderación establecida no peso de cada UD. Para o redondeo da nota si fose necesario, aproximarei a siguente unidade cando o decimal fora igual ou superior a 0,75 como acordouse no de departamento.

Os alumnado cunha ou mais unidades didácticas con menor notas a 5, non poderán ser calificados no trimestre pola súa nota media, a máxima que poderán alcanzar no trimestre será un 4.
O alumnado que non supere un CA mínimo esixible, non superará a unidade.

Deberán recuperar a unidade/s(CA) suspensa/s antes do remate da 2ª avaliación, previa o acceso FCT.

A avaliación final do módulo será a media das notas das diferentes UD tendo en conta a ponderación establecida no peso de cada UD.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades na aula e traballos dirixidos que permitan
ao alumnado adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos
Antes do remate da 2ª avaliación que da o acceso a FCT, realizarase unha proba escrita consistente nun test o/ou respontas curtas o/ou supostos prácticos, sobre os contidos da unidade/s didáctica/s non superada/s.

Os alumnos que non podan acceder a FCT por ter o módulo pendente, entregarselles xunto cas notas de 2ª avaliación, o informe individualizado indicando os Resultados de avaliación non acadados, as actividade a realizar e a temporalización para a súa recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Durante el período de FCT se programarán actividades de recuperación do módulo para o alumnado suspenso dalgunha, ou de todas, as unidades didácticas.
Os/as alumnos/as con perda de dereito a avaliación continua poderán incorporarse a ditas actividades.
O alumnado con perda de dereiro a avaliaciónn continua deberá realizar unha proba global en marzo ó xuño, consistente nunha proba escrita con duas partes: unha parte de respostas breves e/ou test e outra parte cun ou varios suposto/s prácticos.
Para superar o módulo deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha das partes desta proba.
A nota final do módulo será a media aritmética entre as duas partes.
Aos alumnos que non superaron unha destas partes non se lles realizará a media podendo obter, como nota máxima no módulo, un 4 .

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teránse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial.
Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán: o grao de cumprimento da temporalización, o logro dos obxectivos programados e os resultados académicos acadados.

As ferramentas utilizadas serán a memoria final do curso anterior, na que se recollen indcidencias e propostas de mellora, a avaliación inicial e a plataforma de seguementos da programación. De ser o caso, poderase abrir unha edición de traballo da programación para recoller os cambios efectuar.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestións periódicas aos alumnos nas que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o artígo 28. Avaliciación inicial, da Orden 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinazas de formación profesional inicial, ao comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxeto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Para a súa aplicación empregaranse:
- Cuestionario de avaliación inicial do alumnado. Os indicadores deste cuestionario son: datos personales, nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes. Este cuestionario entregarase ao alumnado pola persoa que exerce a titoría
- Cuestionario de avaliación inicial de coñecementos previos do módulo. Baseado nos contidos do módulo, tamén poderase formular cuestións sobre coñecementos previos que o alumnado precisa para un correcto desenvolvento das actividades de ensino aprendizaxe.

Ademais, reunido todo o profesorado do ciclo, levántarase acta de avaliación, co fin de proporcionar a información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e de axustar, desde un principio, a actuación educativa ás necesidades do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

- O alumnado que precise actividades de reforzo realizará actividades de repaso e supostos prácticos coa profesora no horario estipulado, incidindo nas necesidades propias de cada un dos alumnos/as individualmente.
- Realizaranse además: elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información de forma individualizada.
- Repetición de prácticas.
- Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos e alumnas.
- Actividades diferenciadas, propoñendo aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

En todo caso, haberá unha coordinación co departamento de orientación, que tamén terá dado a súa visión de cal é o xeito de proceder e de facilitar ao alumnado a súa aprendizaxe.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como dos do centro e do ciclo (aula, material informático, talleres,...) Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais. Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teóricopráctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

Outras accións transversais serán: A posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

Atendendo os obxectivos anuais que desenvolve o Plan Funcional e Estratéxico do Centro, concretamente: .- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes. .

- Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas. .- Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia. Fomento do Plurilingüismo.

Atendendo os obxectivos anuais que desenvolven o Plan Funcional e Estratéxico do Centro, concretamente: Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.

Sostenibilidade

Diversidad e integración

Tentarase impregnar de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos, contextualizándoas -sempre que sexa posible- no propio contorno socioeconómico.

Tentarase tamén orientar as actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiales que se poidan organizar :

+ Charla especializada a cargo dun profesional do sector.

+ Visita a algunha conferencia o feira do sector
+ Visita a establecementos de restauración e hoteleros para formación 'outdoor'

10.Outros apartados

10.1) Coordinación

Posibilidade de coordinación dalgunha actividade cos outros módulos dos ciclos pertencentes
á familia profesional da Hostalería e Turismo.

10.2) Integración

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:
1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

10.3) Conexión

Os recursos, contidos, materiais empregados no desenvolvemeto das clases será subido a aula virtual